

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego

R.P. núm. 2021/8529 de aprobación das bases reguladoras do programa de subvencións dirixido ás entidades asociativas agrarias, labregas, gandeiras, forestais e asociacións de cazadores da provincia da Coruña para investimentos 2021 (F0028B)

ANUNCIO

Mediante R.P nº 2021/8529 de 09/03/2021, aprobáronse as bases reguladoras da convocatoria do programa de subvencións dirixido ás entidades asociativas agrarias, labregas, gandeiras, forestais e asociacións de cazadores da provincia da Coruña para investimentos durante o exercicio 2021, que se transcriben de seguido:

CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDO A ENTIDADES ASOCIATIVAS AGRARIAS, LABREGAS, GANDEIRAS, FORESTAIS E ASOCIACIÓNS DE CAZADORES DA PROVINCIA DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS DURANTE O ANO 2021

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA F0028B/2021

Datos da convocatoria

Denominación:	Convocatoria do programa de subvencións dirixido ás entidades asociativas, federacións e agrupacións de entidades agrarias, labregas, gandeiras, forestais e asociacións, federacións e agrupacións de asociacións de cazadores da provincia da Coruña para investimentos durante o exercicio 2021
Referencia:	F0028B
Aplicación orzamentaria:	0510/414.1/781/ 118.000€
Importe total do crédito consignado:	Presuposto 2021 e modificativos
Importe do orzamento de gastos da actividade:	Mínimo 5.000€ , máximo /30.000€
Importe da subvención que se ha conceder:	Mínimo 1.000€, máximo /24.000€
Porcentaxe subvencionable do orzamento de gastos financiáveis:	Do 20% ao 80%

Base 1.-Liñas Xerais

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades privadas da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

A tramitación, das subvencións farase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

A tramitación telemática aplicaráselle a todas as fases do procedemento (solicitude, concesión e xustificación) e incluíranse en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e documentación e máis os envíos de documentación que fosen necesarios para tramitar os expedientes.

A resolución da solicitude de subvención, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva e, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, notificarase mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará na páxina web da Deputación, á cal se remitirá o texto publicado no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo do cumprimento da normativa vixente en materia de notificacións administrativas.

Base 2. Réxime xurídico

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas pola Deputación da Coruña está constituído polas leis e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, que conteñan

prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación do Código civil e da Lei de axuízamento civil.
- Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.
- **Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantías dos dereitos dixitais.**
- Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.
- Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei galega 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Regulamento orgánico e Bases de execución do orzamento de 2020, da Deputación da Coruña.
- **Ordenanza xeral de subvención e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, de 1 de febreiro de 2019 (BOP 72).**
- Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados, da Deputación de Coruña, publicada no BOP nº 116 do 22/06/2015.
- Carta dos dereitos e deberes dos cidadáns da provincia da Coruña en relación coa Deputación provincial (publicada no BOP nº 63 do 07/04/2015)
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei galega 11/2007, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección da infancia e da adolescencia.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias do 5 de novembro de 1992, BOE nº 222, do 15 de setembro de 2001.
- Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade do Parlamento de Galicia o día 21 de setembro de 2004.
- Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación Provincial da Coruña, publicada no BOP nº 186, do 29 de setembro de 2017.
- ACM2008: Resolución do 2 de xuño de 2008, da IGAE, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 30 de maio de 2008, pola que se da aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei xeral presupostaria, respecto ao exercicio da función interventora no réxime de requisitos básicos (BOE nº 143 do 13 de xuño)
- BEP'20: Bases de execución do presuposto correspondente ao exercicio 2020
- LGS: Lei 38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións (BOE nº 276, do 18 de novembro)

- LSGal: Lei 9/2007, do 13 de xuño, Normas reguladoras das subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño)
- OXSD: Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña (BOP nº 72, do 15/4/2019)
- RD 424/2017: Real decreto 424/2017, do 28 de abril, réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local (BOE nº 113, do 12/5/2017)
- RLGS: Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE nº 176, do 25 de xullo)
- ROF: Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (BOE nº 305, do 22 de decembro)
- RP 2016/12: Resolución do Presidente nº 2016/12, do 4 de xaneiro, pola que se aproban as instrucións reguladoras da codificación dos conceptos de gasto que son obxecto de subvención provincial
- TRLHL: Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das

Base 3.- Obxecto

O obxecto destas bases é establecer as normas para a solicitude, concesión, xustificación e pagamento das subvencións en réxime de concorrencia competitiva que tramite a Deputación da Coruña, ao amparo do establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (RDLXS), dirixidas a entidades sen ánimo de lucro con investimentos na provincia da Coruña.

Estas normas serán de aplicación ás convocatorias de subvencións provinciais referidas a investimentos que se van realizar no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021.

No caso de investimentos, e despois de petición razoada da entidade beneficiaria da subvención, na certificación de gastos realizados poderán incluírse gastos realizados con posterioridade ao 31 de decembro de 2021 con data límite do 30 de abril de 2022. Esta petición de **prórroga poderá presentarse ata o 12 de decembro de 2021 ás 14:00 horas**

Obxecto específico da convocatoria F0028B

Accións tendentes a apoiar ás federacións e agrupacións de **entidades asociativas agrarias, labregas, gandeiras, forestais e ás asociacións**, federacións e agrupacións de asociacións **de cazadores**, en proxectos, que sexan investimento, destinados á recuperación e valoración dos recursos agrarios endóxenos de carácter agrícola, gandeiro e forestal que teñan como obxecto:

- A valoración e comercialización das producións agrarias, gandeiras e forestais
- Os proxectos relacionados coa multifuncionalidade do monte enfocados á prevención dos incendios.
- Sinalización TECOR SOCIETARIO
- O fomento do uso das novas tecnoloxías, das enerxías renovables e do aforro enerxético
- Accións tendentes á mellora da calidade xenética

Máis concretamente, as axudas poderanse referir, entre outras, ás seguintes materias:

Infraestruturas materiais e equipamentos técnicos (peches, acondicionamento de locais, repoboación forestal, sinalización TECOR, entutorados, adquisición ou adecuación técnica de maquinaria, isotermas, etc.), axudas a investimentos (construcións, instalacións, novas tecnoloxías e enerxías renovables), adquisición de equipos informáticos, investimentos que supoñan aforro enerxético.

3.2 Gastos subvencionables neste programa

CONTA	DESCRICIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PXCPENL
211	Construcións
214	Maquinaria e útiles
217	Equipos para proceso de información

Base 4.- Exclusiones**Exclusiones da convocatoria F0028B**

Non serán obxecto de subvención:

4.1 As actividades ou investimentos xa subvencionados pola Deputación da Coruña no mesmo exercicio.

Non se poderá financiar o mesmo obxecto cunha subvención de concorrencia e outra nominativa, por seren incompatibles, neste caso a entidade beneficiaria tería, necesariamente, que renunciar a unha delas.

4.2 As actividades promovidas por persoas ou entidades que foran sancionadas ou condenadas por resolución administrativa ou sentenza firme pola comisión de condutas discriminatorias nos termos dispostos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

4.3 As actividades promovidas por persoas ou entidades que utilicen na súa actividade linguaxe sexista ou empreguen a imaxe da muller como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigrante segundo o disposto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

4.4 As obras, fases de obra e investimentos que non sexan susceptibles de entrega ao uso público

4.5.- Ademais das exclusión anteriores, non serán obxecto de subvención neste programa os seguintes investimentos.

- O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade (art. 31.8 LXS)

- Os gastos referidos a investimentos que non se correspondan cos obxectivos da convocatoria.

- Non se subvencionarán as páxinas webs.

Base 5.- Solicitantes

Poderán participar na presente convocatoria as entidades que cumpran os requisitos que se establecen de seguido, no momento de presentaren a solicitude.

Requisitos específicos da convocatoria:

- **Cooperativas agrarias, sociedades agrarias de transformación, comunidades de montes en man común e asociacións de cazadores.**

- **Asociacións agrarias, labregas, gandeiras, forestais, asociacións de cazadores, sen ánimo de lucro**

- **Asociacións, agrupación de asociacións e federacións das anteriores entidades**

Todas estas entidades teñen obrigatoriamente que ter como fin a prestación de servizos aos seus asociados.

Só poderá concederse unha subvención por entidade nas convocatorias de concorrencia competitiva. Para estes efectos, considéranse unha soa entidade, todas aquelas nas que os/as socios/as ou membros da Xunta Directiva sexan comúns nunha porcentaxe superior ao 50% ás vinculadas nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que poidan encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

Base 6.- Requisitos e obrigas das entidades

6.1 Estaren legalmente constituídas como entidades privadas antes de presentaren a solicitude.

6.2 No caso das asociacións, acrediten un número mínimo de 25 socios/as ou partícipes na data de presentación.

6.3 Teren o domicilio fiscal na provincia da Coruña ou acrediten que as actividades e investimentos obxecto da subvención se realizarán no ámbito territorial desta provincia ou, se fora o caso, que a súa actividade beneficie á cidadanía da provincia da Coruña, agás as actuacións de cooperación internacional.

6.4 Dado que a tramitación será telemática:

A entidade deberá dispoñer dun único enderezo de correo electrónico de contacto durante toda a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación.

Deberá dispoñer de certificado dixital:

quen ocupe a presidencia da entidade ou quen teña delegadas as súas funcións

quen ocupe a secretaría da entidade

quen represente a entidade perante a Deputación (no caso de ser distinta das dúas anteriores)

6.5 Estaren ao corrente das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social.

6.6 Non estaren incursas nas causas de incompatibilidade ou de incapacidade para seren beneficiarias ou percibiren as subvencións da administración pública dispostas no art. 13 da LXS.

6.7 Faceren constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda información interna e externa que fixeran das actividades ou investimentos subvencionados.

6.8 Utilizaren, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros/as que poidan acreditar mediante documento expedido por unha entidade financeira (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, tarxeta de débito, cheque ou talón nominativo, etc) no que quede identificada a persoa ou entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento. Só excepcionalmente poderá utilizarse o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autoestrada, ticket de aparcadoiro etc).

O incumprimento desta disposición, para algún gasto, implicará que este gasto se considere “non subvencionable”, de conformidade cos art. 72.2, 75.2 e 89 do RDLXS e en relación cos art. 31.2 e 37 da LXS, sempre que o dito gasto supere o importe de 150 €.

6.9 Someterse aos procedementos de control ou de auditoría que realice a Intervención provincial, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo. Como resultado dos ditos procedementos poderase esixir responsabilidade administrativa, consonte co disposto na LXS e, se fora o caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código penal.

6.10 As entidades beneficiarias ás que lles resulta de aplicación obrigatoria o Plan de contas adaptado ás entidades non lucrativas, en particular no que se refire ás súas obrigas contables, estarán ao disposto no RD 1491/2011, do 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos, e demais normas de desenvolvemento deste; as restantes entidades beneficiarias levarán os seguintes libros e rexistros:

Libro diario de ingresos e gastos, no que se reflectan por orde cronolóxica todos os ingresos e gastos, que deberá estar debidamente conciliado cos movementos realizados a través das contas bancarias. O dito libro deberá estar dilixenciado pola persoa titular da Presidencia, da Secretaría e da Tesourería da entidade.

Liquidación anual de ingresos e gastos, que deberá resultar dos movementos producidos no libro anterior, e na que quedará constancia da súa aprobación pola asemblea de socios/as.

Libro de inventario, no que se reflectan axeitadamente todos os bens e dereitos da entidade, así como as súas altas e baixas, e que tamén deberá ser dilixenciado pola Presidencia, pola Secretaría e pola Tesourería.

Así mesmo, as entidades beneficiarias das subvencións teñen a obriga de conservaren os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de catro anos, que se han contar dende a data da percepción ou cobramento da subvención, en tanto que poderán ser obxecto das correspondentes actividades de control.

Obriga de destinar os bens aos fins concretos para a que foi concedida a subvención durante un período mínimo de cinco anos, no caso de inmoables, ou de dous anos, no caso de bens inventariables.

6.11 A entidade beneficiaria da subvención provincial deberá pagar os seus gastos xustificativos antes de que transcorra un mes contado a partir da percepción da subvención. No caso contrario, o dito gasto considerarase como non válido para efectos de xustificación da subvención.

6.12 No caso de que para a realización dos investimentos subvencionados o beneficiario contrate con terceiros a execución total ou parcial das mesmas, independentemente da solicitude de autorización no caso de subcontratación, e sempre que as citadas contratacións cun único terceiro superen o importe de 40.000,00 € (IVE excluído) para a realización de obras, ou superior a 15.000,00 € (IVE excluído) para adquirir equipamento ou prestar servizos, deberase solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se fora o caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía de medios, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa, de acordo co disposto no artigo 31.3 da LXS, e no artigo 29 da Lei 9/2017 de Subvencións de Galicia.

6.13 Cumprir os requisitos da convocatoria específica correspondente á subvención que queren solicitar.

6.14 Utilizaren, con carácter xeral, unha linguaxe non sexista e inclusiva, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.

6.15 No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade

e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, de conformidade co disposto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil).

Base 7.- Solicitud

7.1.- Prazo da convocatoria F0028B/2021

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria deste programa no BOP da Coruña, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica da Deputación da Coruña, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

7.2.- Documentación específica da convocatoria F0028B

A documentación da solicitude de subvención deberá vir asinada do seguinte xeito:

No caso das certificacións, pola secretaría co visto e prace da presidencia ou persoa na que delegue.

No caso das declaracións, compromisos e outra documentación, pola presidencia ou persoa que represente a entidade.

A documentación a presentar é a seguinte:

7.2.1 Acreditación da delegación da Presidencia ou persoa en quen delegue na que se especifique o alcance da dita delegación (presentación telemática das solicitudes de subvencións e sinatura electrónica de toda a documentación necesaria para a súa tramitación, na que se inclúan as certificacións).

7.2.2 Declaración de estar legalmente constituída antes da presentación da solicitude, de dispoñer dos estatutos adaptados á lexislación vixente e de que o seu obxecto a faculta para participar na convocatoria na que solicita a subvención.

7.2.3 Certificación acreditativa do acordo de solicitude e do nomeamento da persoa representante para a relación coa Deputación.

7.2.4 Declaración de non estaren incursas a persoa representante e a entidade nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para seren beneficiarias ou percibiren subvencións da Administración pública, dispostas no art. 13 da LXS.

7.2.5 Documento MEMORIA explicativa do investimento, asinada polo representante, que conterá os seguintes aspectos: breve descrición do investimento que se ha realizar para os efectos de comprobar que é subvencionable nesta convocatoria segundo o disposto na base 3, o seu calendario de realización ao longo do ano 2021, a súa adecuación ao interese provincial, número de persoas usuarias directa ou indirectamente.

7.2.6 Autorización para que a Deputación poida obter, en calquera momento da tramitación do expediente, as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.2.7 Solicitude de autorización cuantificada, se procede, no caso de que a entidade solicitante concerte a execución total ou parcial obxecto da subvención con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade, de conformidade co disposto no artigo 29.7.d) da LXS, e no artigo 68 do RDLXS.

7.2.8 Calquera outra documentación, compromisos ou manifestacións que sexan precisos para a valoración da solicitude:

- Memoria explicativa do investimento, que conterá os seguintes aspectos:
 - Breve descrición do investimento que se vai realizar, para os efectos de comprobar que é subvencionable nesta convocatoria segundo o disposto na base 38
 - Calendario de realización do investimento ao longo do ano 2021
 - Adecuación da actividade ao interese provincial
 - Nº de persoas beneficiadas directa ou indirectamente
- Compromiso de manter a adscrición do ben ás fins que motivaron a concesión da subvención, por un prazo mínimo de cinco anos, no caso de inmobles ou de dous anos no caso de bens inventariables.
- Compromiso, cando corresponda, de inscribir o ben no rexistro público correspondente, con indicación da subvención obtida e do período de adscrición do dito ben ás fins previstas.

No caso de realización de obras:

- Resumo do presuposto de execución por capítulos ou unha memoria valorada, pero unha vez concedida a axuda, de ser legalmente necesario, requirirase para a xustificación a achega do proxecto técnico. No obstante o anterior, cando o orzamento de execución da obra supere o límite do contrato menor, é dicir, 40.000€ IVE excluído, deberá presentarse necesariamente o proxecto técnico; así como naqueles proxectos de contía inferior cando se trate de obras que afecten á estabilidade, seguridade e estanquidade da obra, circunstancia que deberá acreditarse no expediente.
- No caso de que os proxectos de obras estean divididos en fases, deben achegar a programación total, coa indicación do número de fases, importe e calendario de realización, así coma que contan con financiamento para a realización da totalidade das fases. As sucesivas propostas que se formulen deberán numerarse por fases coa indicación das xa executadas. Deberá acreditarse tamén que cada unha das fases subvencionadas é susceptible de utilización independente.
- Declaración de ter a acreditada a propiedade ou dereito real que se posúa sobre o ben inmovible, propiedade ou arrendamento, con indicación do prazo de vixencia, e, no seu caso, declaración de ter autorización do propietario para a realización das obras.
- Compromiso de obtención de licenzas a autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio histórico-artístico e do medio.
- Declaración do número de referencia catastral do ben inmovible

7.2.9 De conformidade co indicado na base 6.16, declaración de que se dispón das correspondentes certificacións negativas que acrediten que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. Tamén esixirase esta certificación negativa para calquera persoa que se incorpore con posterioridade ás ditas actividades. Esta documentación poderá ser requirida en calquera momento pola Deputación da Coruña.

No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non cubran nos cuestionarios telemáticos os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

Base 8.- Resolución

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración dos investimentos que se van realizar, de acordo cos baremos que se establecen:

8.1.- Criterios valoración solicitudes do programa F0028B

Coeficiente de financiamento derivado da solicitude	Ata 35 puntos
Número de beneficiados directa ou indirectamente	Ata 25 puntos
Emprego da lingua galega na súa realización	Ata 5 puntos
A posibilidade de utilización do investimento por entidades distintas da solicitante da subvención	Ata 10 puntos
Interese da proposta presentada: Valoraranse, por unha comisión técnica, que será designada por resolución da presidencia, tendo en conta os seguintes aspectos: <ul style="list-style-type: none"> . A necesidade e contribución real do investimento presentado para o mellor desenvolvemento das actividades da entidade: Ata 15 puntos . A vida útil ou tempo de aproveitamento do investimento subvencionado: Ata 10 puntos 	Ata 25 puntos

Os importe mínimo e máximo de subvención a conceder detállanse de seguido, aínda que a contía concedida en ningún caso poderá ser superior ao 80% do orzamento subvencionable.

Importe máximo F0028B 2021: 24.000€

Importe mínimo F0028B 2021: 1.000€

8.2 Concesión

A concesión das subvencións realizarase mediante un réxime de concorrencia competitiva e será aprobada por resolución de Presidencia.

Á vista da documentación que consta neste expediente, e logo da valoración das solicitudes de conformidade cos criterios establecidos, co informe emitido pola Comisión Técnica, a unidade xestora formulará un informe proposta de resolución de concesión provisional, debidamente motivado, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes que cumpran os requisitos da convocatoria para os que propón a concesión da subvención e a súa contía, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite. Este informe proposta será fiscalizado.

A Presidencia da Deputación ditará resolución de concesión provisional, que deberá notificárlles ás entidades interesadas na forma prevista na convocatoria. Concederárlles un prazo de 10 días hábiles para presentaren, se fora o caso, a desistencia da solicitude, a reformulación, o cambio de obxecto, ou as alegacións que consideren oportunas.

No caso de non formular desistencia expresa, a subvención considerárase aceptada tacitamente.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas distintas ás aducidas polos interesados. Neste caso, a resolución de concesión provisional adoptada terá o carácter de definitiva.

No caso de que existisen alegacións por parte das/os interesadas/os, deberanse resolver expresamente na resolución de concesión definitiva das subvencións.

A resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor do beneficiario proposto fronte á Deputación mentres non se lle notifique a resolución definitiva de concesión.

As autorizacións ás que se refire a Base 7, apartado 2, e sempre que achegaren a información necesaria, entenderanse concedidas co outorgamento da subvención, nos termos da solicitude presentada.

8.3. Reformulación de solicitudes

Cando o importe da subvención concedida sexa inferior ao importe solicitado entenderase automaticamente reformulada a solicitude de subvención. Non entanto, esta deberá ser reformulada cando a entidade beneficiaria considere que non pode cumprir a totalidade da actividade subvencionada.

8.4 Cambios de obxecto

O simple cambio dalgún dos conceptos de gasto subvencionados non se considerará cambio de obxecto, tampouco o cambio de lugar onde se faga a actividade, pero haberá que comunicarlle telematicamente á Deputación esa circunstancia antes de que se produza.

Base 9.- Xustificación e pagamento

9.1 Prazo de xustificación

O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día **30 de abril de 2022, ás 14.00 horas.**

Para as subvencións que teñan concedida unha prórroga, o prazo de xustificación rematará o día 30 de maio de 2022 ás 14:00 horas.

9.2 Consideracións xerais

As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos, que deberán axustarse aos conceptos aprobados na concesión definitiva e que figurarán en cada expediente de solicitude.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade xa rexistrada na Deputación da Coruña. De non existir este rexistro previo, a entidade deberá achegar a correspondente certificación dos seus datos bancarios.

9.2.1 O coeficiente de financiamento defínese como o cociente entre o importe da subvención solicitada e o importe do orzamento de gastos presentados pola entidade.

O orzamento subvencionado a xustificar será o que resulte de dividir o importe da subvención concedida polo coeficiente de financiamento.

No caso de ter outras subvencións ou ingresos propios para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención da Deputación da Coruña, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o orzamento subvencionado a xustificar será a suma das subvencións e ingresos.

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar, polo menos, o importe do orzamento subvencionado a xustificar.

9.2.2 O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou investimento desenvolvido pola entidade beneficiaria.

9.2.3 Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

9.3- Documentación xustificativa específica da convocatoria F0028B

A documentación xustificativa deberá vir asinada do seguinte xeito:

No caso das certificacións, virán asinadas conxuntamente pola persoa que exerza as funcións financeiras e/ou de tesourería e a persoa que exerza a representación legal da entidade.

No caso das declaracións e outra documentación, pola presidencia ou persoa representante da entidade.

A documentación que se ha de presentar para as subvencións inferiores a 60.000 euros é a seguinte:

9.3.1 Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, das persoas usuarias, (no caso de cursos de formación relación de participantes nos mesmos), dos resultados obtidos e as desviacións acaecidas, asinada dixitalmente polo presidente ou representante da entidade.

Declaración da entidade relativa á repercusión do IVE que, no seu caso, inclúan nas facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no art. 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.

9.3.2 Certificación acreditativa dos gastos realizados, con identificación das persoas acreedoras (nome da empresa e NIF ou, se fora o caso, nome, apelidos completos (sen abreviaturas) e NIF, dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión e detalle da retención do IRPF, nos casos que proceda) e das desviacións acontecidas en relación ao orzamento.

Unicamente serán subvencionables os gastos realizados durante o propio exercicio; todo isto con independencia de que o pagamento dos citados gastos se realice segundo o disposto na base 6.11.

Unicamente se admitirán xustificantes de gastos correspondentes a investimentos realizados entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de decembro de 2021. Agás no caso de investimentos que teñan concedida unha prórroga, que na certificación de gastos realizados poderán incluír xustificantes de gastos realizados con posterioridade ao 31 de decembro de 2021, con data límite do 30 de abril de 2022.

Os xustificantes de gasto terán que estar expedidos nos períodos sinalados.

Non obstante, naqueles casos nos que os investimentos fosen realizadas no final do período da convocatoria de subvencións, poderían admitirse os xustificantes (factura ou documento equivalente) que fosen expedidos **ata o día 16 do mes de xaneiro de 2022.**

Así mesmo, no caso de obras ou subministracións, e dado que o cumprimento do deber de expedir facturas en prazo non é imputable ao beneficiario da subvención provincial, poderían terse en conta as facturas posteriores ao 16 de xaneiro, coa condición de que xustifique ter recibidas as obras ou subministracións dentro do ano da convocatoria, debendo acreditálo mediante a acta de recepción e/ou os albaráns.

No caso de programas ou proxectos subvencionados en anos sucesivos, presentarase unha declaración de que os xustificantes que se achegan son distintos dos xa presentados en exercicios anteriores.

9.3.3 Declaración da Presidencia da entidade na que se faga constar que o gasto foi reflectido, na forma preceptiva, no libro de contabilidade da entidade, segundo o disposto no art. 14.1 da LXS.

9.3.4 Relación detallada de todos os ingresos concedidos por outras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto da subvención que se vai a xustificar, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos propios afectados á actividade subvencionada, ou, pola contra, declaración de non ter outros ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto.

No caso de concorrencia de subvencións públicas que estean xustificadas, poderá achegarse certificación da administración que a concedeu, na que se detallan os conceptos subvencionados e os importes xustificados, así como o período ao que se refiren os gastos.

9.3.5 Declaración do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información interna e externa que se faga dos investimentos subvencionados.

9.3.6 A entidade indicará se está ou non exenta do IVE e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo co dito imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non fora deducible.

9.3.7 Cando a xustificación se presente fóra de prazo, a entidade poderá aceptar a sanción que lle corresponde segundo se recolle nas bases da convocatoria, así como a compensación do importe da sanción no pagamento da subvención, de conformidade co indicado na Base 10.

Para o cobramento da subvención, as entidades deberán presentar a documentación que se indica de seguido:

- Memoria xustificativa do cumprimento das condicións importas na concesión da subvención con indicación dos investimentos realizados, dos usuarios e dos resultados obtidos, así como detalle dos ingresos ou subvencións que financiasen o investimento subvencionado, con indicación do seu importe de procedencia, asinada pola presidencia ou representante legal.
- A memoria deberá reflectir expresamente os seguintes termos: obtención de licenzas preceptivas e cumprimento de normas contractuais e acreditación da recepción de obra ou equipamento, ou no seu caso referencia expresa de que non son preceptivas.
- Acreditación da inclusión do logotipo da Deputación, do uso da lingua galega nos soportes de difusión das actividades subvencionadas e da obriga de incluír en lugar visible e na súa páxina web a imaxe corporativa da Deputación da Coruña.
- Declaración relativa á repercusión do IVE que, no seu caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no art. 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.
- No caso de que o **importe do orzamento do investimento sexa inferior ou igual a 6.000,00€ (IVE excluído)**, ademais da memoria, declaración do IVE, e de todo o anterior, deberán achegar:
 - Conta xustificativa
 - Factura dixital ou escaneada
 - Acreditación da recepción da obra ou equipamento polo órgano competente da entidade beneficiaria.
- No caso de que o **importe do orzamento do investimento sexa igual ou superior a 6.000,01€ e inferior o igual a 15.000,00€ (IVE excluído)**, ademais da memoria, declaración do IVE, acreditación de inclusión do logotipo da Deputación, uso da lingua galega nos soportes de difusión e da obriga de incluír en lugar visible e na súa páxina web a imaxe corporativa da Deputación da Coruña, deberán achegar a seguinte documentación:

1.- No suposto de adquisición de bens de equipo:

- Conta xustificativa
- Factura dixital ou escaneada
- Albarán de entrega, e fotografía do obxecto da solicitude
- Declaración do acordo de aprobación da factura polo órgano competente da entidade beneficiaria

2- Execución de obras:

- Conta xustificativa
- Relación valorada dixital
- Factura dixital ou escaneada
- Acta de recepción e fotografía
- Declaración da aprobación polo órgano competente da entidade beneficiaria da subvención.

Se as obras as executa a administración, na certificación de obra concretarase exclusivamente o importe da execución material, (non poderá incorporar, polo tanto, nin gastos xerais nin beneficio industrial nin o imposto sobre o valor engadido), non obstante poderá ser substituída esta por facturas dixitais ou escaneadas, expedidas polos distintos provedores.

Se as obras as executa contratista adxudicatario, á certificación de obra que poderá conter os gastos xerais, beneficio industrial e IVE, acompañarase factura dixital ou escaneada expedida polo contratista e certificado da aprobación polo órgano competente da entidade. O importe do IVE só será gasto subvencionable se non ten o carácter de deducible para o beneficiario.

- No caso de que o importe do orzamento do investimento sexa igual ou superior a 15.000,01€ e inferior ou igual a 40.000,00€ (IVE excluído), ademais da memoria arriba sinalada e declaración do IVE; acreditación de inclusión do logotipo da Deputación, uso da lingua galega nos soportes de difusión e da obriga de incluír en lugar visible e na súa páxina web a imaxe corporativa da Deputación da Coruña, deberán achegar a seguinte documentación:
- **1.- No suposto de adquisición de bens de equipo:**
 - Conta xustificativa
 - Factura dixital ou escaneada
 - Acta de recepción, ou albarán de entrega, e fotografía do obxecto da solicitude.
 - Declaración do acordo de aprobación da factura polo órgano competente da entidade beneficiaria
 - Unha valoración pericial do ben adquirido suscrito por técnico colexiado independente.

2.- No suposto de execución de obras:

- Conta xustificativa
- Relación valorada dixital
- Factura dixital ou escaneada
- Acta de recepción escaneada, e fotografía
- Declaración da aprobación polo órgano competente da entidade beneficiaria da subvención.
- Se as obras as executa a administración, na certificación de obra concretarase exclusivamente o importe da execución material, (non poderá incorporar, polo tanto, nin gastos xerais nin beneficio industrial nin o imposto sobre o valor engadido), non obstante poderá ser substituída esta por facturas dixitais ou escaneadas, expedidas polos distintos provedores.
- Se as obras as executa contratista adxudicatario, á certificación de obra que poderá conter os gastos xerais, beneficio industrial e IVE, acompañarase factura dixital ou escaneada expedida polo contratista e certificado da aprobación polo órgano competente da entidade. O importe do IVE só será gasto subvencionable se non ten o carácter de deducible para o beneficiario.

9.4. Tramitación da xustificación

Para os efectos de xustificación dos gastos e coa finalidade de exceptuar o art. 31.2 da LXS, entenderase que o gasto está realizado coa achega da documentación sinalada na base anterior.

Á vista da documentación xustificativa presentada e logo dos informes previos da unidade xestora e da súa fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados e, se a documentación é correcta, procederá o pagamento da subvención.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención terase en conta o seguinte:

No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a totalidade da subvención.

No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% e, polo menos, do 50% do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.

No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do orzamento subvencionado para xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento, ditándose resolución de perda do dereito á percepción da subvención, que lle deberá ser notificada á entidade beneficiaria.

A Deputación da Coruña poderá requirirle á entidade beneficiaria a documentación que estime pertinente para os efectos de comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.

Conforme co que se dispón nas bases de execución do exercicio correspondente, o grao de execución das actividades ou investimentos subvencionados poderá ser considerado entre os criterios de valoración en futuras convocatorias.

No caso de non atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de que teña xustificado o cumprimento das condicións da subvención, advertirase á entidade beneficiaria de que non se procederá ao pagamento

se no prazo dun mes non xustifica ter regularizada a súa situación tributaria ou social, e declararase a perda do dereito á subvención outorgada.

Base 10. Incumprimentos e sancións

Unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado nestas bases ou nas específicas sen que a entidade presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirá para que a presente no prazo improrrogable de 15 días dende a notificación.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a renuncia á subvención outorgada, sen prexuízo das responsabilidades establecidas na LXS.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda segundo recolle o artigo 47.7 da Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias.

- Atraso na presentación da xustificación ata un mes: 75 €.
- Atraso na presentación da xustificación dun mes ata tres: 600 €.
- Atraso na presentación da xustificación de máis de tres meses: 900 €.

Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción, agás que a entidade sancionada formule oposición á sanción ata que se resolva o recurso.

Para outros incumprimentos e sancións non previstos neste apartado será de aplicación o disposto nos artigos 20 e seguintes da Ordenanza do control financeiro das subvencións da Deputación da Coruña.

A todas as sancións propostas seralle de aplicación a redución do 35% da sanción pecuniaria pola aceptación expresa do presunto responsable, de conformidade co establecido no artigo 85.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Base 11. Protección de datos persoais

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Deputación da Coruña coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para facilitar o exercicio dos dereitos, a Deputación pon ao seu dispor un modelo de solicitude (<https://www.dacoruna.gal/documentacion/impresos-oficiais>)

Disposición adicional primeira

Para os efectos da salvagarda do dereito das entidades participantes nas correspondentes convocatorias, ao respecto da protección dos seus datos de carácter persoal nos termos dispostos na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro de protección de datos persoais e garantías dos dereitos dixitais.

Disposición adicional segunda

A aprobación das bases específicas queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor do orzamento xeral da Deputación da Coruña do correspondente exercicio no que se conteñan os créditos adecuados e suficientes para atender as solicitudes que ao amparo daquelas se presenten.

Consonte co anterior, non se poderá realizar ningún acto que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra a condición suspensiva citada no apartado anterior.

Esta convocatoria non xerará dereito a favor das entidades solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

Disposición adicional terceira

A presentación dunha solicitude de subvención supón a aceptación das correspondentes bases reguladoras.

Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno na primeira sesión que se celebre.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recurrente, á súa elección, no

prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Coruña, 9 de marzo de 2021

O PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Valentín González Formoso José Luis Almau Superviña

2021/1971